

INFORME TÉCNICO RELATIVO Á VALORACIÓN DOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FORMULAS PARA A LICITACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ESCOLAS DE VERÁN 2018. PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E CIDADANÍA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (EXPEDIENTE CON/17/2018)

En relación a valoración da documentación contida no sobre nº3 presentados polas empresas que concorreron ao proceso de contratación mediante procedemento aberto, do servizo de xestión e desenvolvemento das escolas de verán 2018

INFORMA

I. O prego administrativo que rexe o citado procedemento establece no seu punto 9 o procedemento e criterios de adxudicación:

CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS

Proposición económica que se ofrece..... ata 26 puntos

Outorgarase a máxima puntuación -26 puntos- a oferta economicamente máis favorable para o Concello de Santiago, valorándose as restantes de xeito inversamente proporcional, de acordo co sinalado nos parágrafos seguintes:

Oferta para a modalidade de quendas/ días..... ata 15 puntos

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo". Obtida o orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 15 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación.

$$P_n = (P_m * O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: Puntuación da oferta

P_m: Puntuación máxima posible (15 puntos)

O_b: Importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar.

Oferta para a modalidade de días soltos..... ata 11 puntos

As empresas clasificaranse inicialmente por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo". Obtida o orde de prelación de todas as ofertas segundo este criterio, outorgarase a máxima puntuación de 11 puntos á oferta máis baixa e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m * O_b) / O_n$$

Onde:

P_n: Puntuación da oferta

P_m: Puntuación máxima posible (15 puntos)

O_b: Importe da oferta máis baixa

O_n: Importe da oferta a puntuar.

II. En base ao exposto procédese á valorar a documentación contida no Sobre Nº 3 remitida polo Departamento de Contratación.

- **Procedese ás aplicacións da fórmula de valoración dos puntos prezo ofertado para a modalidade de quendas/día e prezo ofertado para a modalidade de días soltas, obténdose a seguinte táboa de puntuacións para o criterio "precio máis baixo da oferta"**

PREZO QUENDAS/DIA.....15 PUNTOS

EMPRESA	FÓRMULA	PREZO OFERTADO QUENDA/DÍA	PUNTOS
ACTIVIDADES LÚDICAS DE GALICIA SL	Oferta máis baixa	14,50	15
ORBITA INFANTIL SC	$P_n = (15 * 14,50) / 17,55$	17,55	12,39
OSVENTOS	$P_n = (15 * 14,50) / 22,49$	22,49	9,67
SERVIPLUSTOTAL SLU	$P_n = (15 * 14,50) / 20,65$	20,65	10,53
A BILLARDA S.L.	$P_n = (15 * 14,50) / 23,25$	23,25	9,35

PREZO QUENDA SOLTO11 PUNTOS

EMPRESA	FÓRMULA	PREZO OFERTADO DÍAS SOLTOS	PUNTOS
ACTIVIDADES LÚDICAS DE GALICIA SL	Oferta máis baixa	17	11
ORBITA INFANTIL SC	$P_n = (11 * 17) / 20,50$	20,50	9,12
OSVENTOS	$P_n = (11 * 17) / 23,70$	23,70	7,89
SERVIPLUSTOTAL SLU	$P_n = (11 * 17) / 22,95$	22,95	8,15
A BILLARDA S.L.	$P_n = (11 * 17) / 25,50$	25,50	7,33

III. Sumando a puntuación no criterio prezo máis baixo da oferta, coas puntuacións obtidas nos criterios non avaliábeis mediante cifras, de acordo co informe de 14 de xuño de 2018, asinado por Dona M^a Dolores Casás Cheda (Técnica de

Educación), obtense a seguinte táboa de puntuacións finais , que se propón ante esta comisión para a súa aprobación.

EMPRESA	PUNTOS SOBRE Nº 2	PUNTOS SOBRE Nº3	TOTAL PUNTOS
ACTIVIDADES LÚDICAS DE GALICIA SL	24,00	26,00	50,00
ORBITA INFANTIL SC	24,50	21,51	46,01
SERVIPLUSTOTAL SLU	20,50	18,68	39,18
OSVENTOS	15,50	17,56	33,06
A BILLARDA S.L	16,00	16,68	32,68

Como resultado das valoracións e dado que a oferta mellor puntuada é a de ACTIVIDADES LÚDICAS DE GALICIA SL, procede propoñelo como adxudicatario .

Tendo en conta todo o exposto e seguindo o encomendado pola Mesa de Contratación, redactouse este informe, sometendo en todo a outro mellor fundamentado técnica e xuridicamente.

Do que se informa aos efectos oportunos en Santiago de Compostela a 15 de xuño de 2018.

M^a Dolores Casás Cheda

Técnica do Departamento de Educación



